



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Número 365
17 de abril de 2026



CSV: BOPGDSPG-z4yYtLc4d-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

Aprobación sen modificacións

I 48427 (12/PNC-003770)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pomar Tojo, Carmen María e oito deputados/as máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co obxecto de que proceda á inmediata apertura do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

[205232](#)

Aprobación por unanimidade con modificacións

I 53792 (12/PNC-004253)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Castro García, Daniel

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da creación do Centro Nacional de Fotografía para garantir a conservación do fondo documental histórico de fotografías que aínda se conserva en mans privadas ou de entidades locais

[205233](#)

Aprobación por unanimidade sen modificacións

I 39442 (12/PNC-003468)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxectivo de que constrúa e poña en marcha no IES Concepción Arenal, de Ferrol, unha pista deportiva cuberta

[205233](#)

I 51338 (12/PNC-004025)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Suárez, Cecilia e oito deputados/as máis

Sobre a demanda ao Goberno galego do reforzo das medidas contra o abandono escolar temperán e para reducir a fenda de xénero neste ámbito

[205233](#)

Rexeitamento da iniciativa

I 4107 (12/PNC-000505)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Abalde Alonso, Julio Ernesto



Sobre as medidas que o Goberno galego debe pór en marcha para aplicar á súa política de apoio á actividade artística e creativa galega [205234](#)

I 51934 (12/PNC-004095)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Chao Rivas, Saleta e Fernández Davila, María Cristina

Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia respecto da dotación de profesorado especialista nos centros educativos do concello de Ordes [205234](#)

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

I Acordo da Mesa do Parlamento, do 14 de abril de 2026, pola que se resolve o proceso selectivo para ingresar, por concurso-oposición, nunha praza do corpo auxiliar reservada para ser cuberta por unha persoa que acredite discapacidade intelectual, convocado por acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 24 de xullo de 2024 [205234](#)

I Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 14 de abril de 2026, polo que se convoca o procedemento ordinario de recoñecemento de grao de carreira profesional para os empregados e as empregadas da Administración do Parlamento de Galicia [205235](#)

3.5. Axudas, bolsas e premios

I Acordo da Mesa do Parlamento, do 14 de abril de 2026, de concesión de bolsas para a formación práctica no Parlamento de Galicia [205239](#)

4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

I Corrección de erros na publicación, no *BOPG* número 361 fascículo 1, do 13 de abril de 2026, das resolucións subseguintes ao debate anual de política xeral sobre a situación política da Comunidade Autónoma de Galicia do 8 de abril de 2026 [205242](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

A Comisión 4ª, Educación e Cultura, na súa sesión do 16 de abril de 2026, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación sen modificacións

- 48427 (12/PNC-003770)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pomar Tojo, Carmen María e oito deputados/as máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co obxecto de que proceda á inmediata apertura do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

BOPG nº 328f3, do 05.02.2026

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 15 votos a favor, 0 votos en contra e 2 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno central que proceda á inmediata apertura do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, cumprindo cos compromisos adquiridos por aquel.»

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 53792 (12/PNC-004253)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Castro García, Daniel

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da creación do Centro Nacional de Fotografía para garantir a conservación do fondo documental histórico de fotografías que aínda se conserva en mans privadas ou de entidades locais

BOPG nº 357f1, do 01.04.2026

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 17 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:



«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a crear o primeiro Centro Galego de Fotografía, ao longo da presente lexislatura, para recompilar e coordinar a xestión dos legados fotográficos históricos, co obxectivo de dotar o noso país dun arquivo dixital e bibliográfico que permita recuperar, conservar, estudar e difundir a fotografía histórica de Galicia, dinamizar a produción fotográfica galega contemporánea e potenciar a realización de estudos e investigacións sobre esta expresión artística.»

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 39442 (12/PNC-003468)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxectivo de que constrúa e poña en marcha no IES Concepción Arenal, de Ferrol, unha pista deportiva cuberta

BOPG nº 295f1, do 03.12.2025

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 17 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Executar de maneira inmediata a construción da pista deportiva cuberta comprometida no IES Concepción Arenal de Ferrol, garantindo a súa posta en marcha con carácter urgente.
2. Habilitar solucións provisionais inmediatas, garantindo espazos cubertos para impartir Educación Física mentres non se execute a infraestrutura definitiva.
3. Informar formal e puntualmente a comunidade educativa do IES Concepción Arenal sobre o estado real do proxecto, incluíndo fases administrativas, previsión orzamentaria e cronograma de execución.»

- 51338 (12/PNC-004025)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Suárez, Cecilia e oito deputados/as máis

Sobre a demanda ao Goberno galego do reforzo das medidas contra o abandono escolar temperán e para reducir a fenda de xénero neste ámbito

BOPG nº 344f2, do 04.03.2026

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 17 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:



1. Reforzar e ampliar as actuacións dirixidas á redución do abandono educativo temperán, consolidando as políticas que veñen demostrando un impacto positivo na evolución desta taxa en Galicia, co obxectivo de manter a Comunidade por debaixo da media estatal.

2. Desenvolver medidas específicas para abordar a brecha de xénero no abandono educativo temperán a través de actuacións adaptadas ás súas realidades educativas, sociais e laborais no marco do Plan FPGAL360.»

Rexeitamento da iniciativa

- 4107 (12/PNC-000505)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Abalde Alonso, Julio Ernesto

Sobre as medidas que o Goberno galego debe pór en marcha para aplicar á súa política de apoio á actividade artística e creativa galega

BOPG nº 28f1, do 22.05.2024

Sométese a votación e resulta rexeitada por 8 votos a favor, 9 votos en contra e 0 abstencións.

- 51934 (12/PNC-004095)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Chao Rivas, Saleta e Fernández Davila, María Cristina

Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia respecto da dotación de profesorado especialista nos centros educativos do concello de Ordes

BOPG n.º 344f2, do 04.03.2026

Sométese a votación e resulta rexeitada por 8 votos a favor, 9 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2026

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Acordo da Mesa do Parlamento, do 14 de abril de 2026, pola que se resolve o proceso selectivo para ingresar, por concurso-oposición, nunha praza do corpo auxiliar reservada para ser cuberta por unha persoa que acredite discapacidade intelectual, convocado por acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 24 de xullo de 2024

Por acordo da Mesa do Parlamento do 24 de xullo de 2024 anúnciase o proceso selectivo para ingresar, por concurso-oposición, nunha praza do corpo auxiliar reservada para ser cuberta por unha persoa que acredite discapacidade intelectual, e apróbanse as bases reguladoras (*DOG* núm. 174, do 10 de setembro 2024).



O tribunal cualificador, na súa sesión do 11 de marzo de 2026, acordou publicar a proposta definitiva das persoas seleccionadas coa cualificación total obtida na fase de oposición e na fase de concurso e propoñerlle á Mesa do Parlamento a finalización do proceso selectivo e o nomeamento de Adrián Tato Otero como persoal funcionario de carreira do corpo auxiliar (grupo D) do Parlamento de Galicia.

Xa que logo, en cumprimento do artigo 7.4 das bases do antedito procedemento, a Mesa, na súa sesión do 14 de abril de 2026, adoptou o seguinte ACORDO:

1º. Finalizar o proceso selectivo para o ingreso, por concurso-oposición, nunha praza do corpo auxiliar reservada para ser cuberta por unha persoa que acredite discapacidade intelectual e aprobar o seu resultado a favor de Adrián Tato Otero como persoal funcionario de carreira do corpo auxiliar (grupo D) do Parlamento de Galicia.

2º. Notificarlle este acordo a Adrián Tato Otero, quen, de conformidade coa base oitava, disporá dun prazo de vinte días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, para presentar a documentación prevista na citada base.

3º. Constituír, consonte o disposto na base décima da convocatoria, unha lista de espera para cubrir as necesidades eventuais de persoal que puideren xurdir, en condición de persoal funcionario interino, coas persoas que superaron a fase de oposición, con expresión da puntuación total acadada, determinada pola suma da puntuación obtida na fase de oposición e na fase de concurso.

4º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web corporativa.

5º. Comunicarlle este acordo ao Servizo de Persoal e Réxime Interior para a súa execución.

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2026

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 14 de abril de 2026, polo que se convoca o procedemento ordinario de recoñecemento de grao de carreira profesional para os empregados e as empregadas da Administración do Parlamento de Galicia

A Mesa do Parlamento aprobou o 17 de decembro de 2018 as Normas básicas da carreira profesional do persoal da Administración parlamentaria. No artigo 7 das anteditas normas establécese que se convocará anualmente, no primeiro cuadrimestre, o procedemento de recoñecemento de grao de carreira profesional para as empregadas e os empregados públicos incluídos no seu ámbito de aplicación.

Xa que logo, a Mesa adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro. *Ámbito subxectivo*

Esta convocatoria está dirixida ao persoal funcionario e laboral do Parlamento de Galicia que se atope en servizo activo, ou en calquera das situacións que comporten reserva de praza ou posto de traballo, no momento desta convocatoria.



Segundo. *Criterios de valoración da formación*

A formación válida para acadar o correspondente grao de carreira profesional deberá ser realizada durante o tempo de prestación de servizos no grao de carreira profesional anterior ao grao que se pretende obter e formar parte da formación impartida no Parlamento de Galicia, ou ser impartida por escolas oficiais de formación das comunidades autónomas, universidades, administracións públicas ou por outras entidades, sempre que neste último caso contén con homologación oficial de escolas públicas. Serán acreditados co diploma expedido pola institución parlamentaria, ou o centro que o impartiu, no que figure o nome da empregada pública ou do empregado público, o título do curso e as horas lectivas.

Para estes efectos, valoraranse os cursos relacionados coas funcións e actividades que se desenvolven na institución parlamentaria galega.

Para tal efecto non se valoran os diplomas relativos a xornadas, seminarios, simposios ou similares, a non ser que se indique no diploma que son concedidos «con aproveitamento», nin os cursos de integración nun grupo, subgrupo, escala ou categoría nin cursos de prácticas derivados de procesos de selección ou provisión.

Terceiro. *Requisitos do grao I*

Para poder perfeccionar o grao I de carreira profesional retribuído, a empregada ou empregado público deberá reunir os seguintes requisitos:

- a) Contar con cinco anos de permanencia no grao inicial da carreira profesional.
- b) Acreditar unha formación mínima de 90 horas para o persoal do grupo A, de 80 horas para o persoal do grupo B e de 60 horas para o persoal dos grupos C e D/E.
- c) Contar cunha avaliación favorable do desempeño.

Cuarto. *Requisitos do grao II*

Para poder perfeccionar o grao II de carreira profesional retribuído, a empregada ou empregado público deberá reunir os seguintes requisitos:

- a) Contar con cinco anos de permanencia no grao persoal I de carreira profesional.
- b) Acreditar unha formación mínima de 95 horas para o persoal do grupo A, de 85 horas para o persoal do grupo B e de 65 horas para o persoal dos grupos C e D/E.
- c) Contar cunha avaliación favorable do desempeño.

Quinto. *Requisitos do grao III*

Para poder perfeccionar o grao III de carreira profesional retribuído, a empregada ou empregado público deberá reunir os seguintes requisitos:



- a) Contar con cinco anos de permanencia no grao persoal II de carreira profesional.
- b) Acreditar unha formación mínima de 115 horas para o persoal do grupo A, de 105 horas para persoal do grupo B, de 95 horas para o persoal do grupo C e de 70 horas para o persoal do grupo D/E.
- c) Contar cunha avaliación favorable do desempeño.

Sexto. *Requisitos do grao IV*

Para poder perfeccionar o grao IV de carreira profesional retribuído, a empregada ou empregado público deberá reunir os seguintes requisitos:

- a) Contar con seis anos de permanencia no grao III da carreira profesional.
- b) Acreditar unha formación mínima de 130 horas para o persoal do grupo A, de 120 horas para persoal do grupo B, de 110 horas para o persoal do grupo C, e 80 horas para o persoal do grupo D/E.
- c) Contar cunha avaliación favorable do desempeño

Sétimo. *Efectos económicos e administrativos*

Os efectos económicos e administrativos do recoñecemento do grao produciranse desde o 1 de xaneiro de 2026 para aquelas persoas que acrediten o cumprimento dos requisitos na data do 31 de decembro de 2025.

Excepcionalmente, ao non seren convocados os graos II, III e IV no ano 2025, os efectos económicos e administrativos do recoñecemento do grao produciranse desde o 1 de xaneiro de 2025 para aquelas persoas que acrediten o cumprimento dos requisitos na data do 31 de decembro de 2024.

Oitavo. *Presentación de solicitudes*

O prazo para presentar as solicitudes será de vinte días hábiles, que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. A solicitude realizarase utilizando os formularios que se achegan como anexo a esta convocatoria, xunto coa copia compulsada do documento que acredita a formación exixida, de non contar esta na Administración parlamentaria.

Noveno. *Publicación*

Publicar esta convocatoria no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2026

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



PROCEDEMENTO ORDINARIO DE RECOÑECEMENTO DE GRAO DE CARREIRA PROFESIONAL**SOLICITUDE DE RECOÑECEMENTO DO GRAO**

(artigo 7 das Normas que regulan a carreira profesional horizontal do persoal ao servizo do Parlamento de Galicia)

NOME E APELIDOS:		DNI:
CORPO OU ESCALA E GRUPO:	UNIDADE ADMINISTRATIVA:	

SOLICITO Á MESA DO PARLAMENTO O RECOÑECEMENTO DO:

GRAO I GRAO II GRAO III GRAO IV

Relación de cursos de formación, actividades formativas impartidas, segundo o establecido no apartado 5 do artigo 4 das Normas básicas reguladoras da carreira profesional do persoal ao servizo da Administración do Parlamento de Galicia, que xustifican a formación mínima exixida e que se vinculan ao grao, indicando o número de horas de cada unha delas e se xa constan acreditadas na Administración parlamentaria ou se achega copia compulsada do documento acreditativo da súa realización.

Denominación do curso	Horas	Acreditación compulsada	Consta na A. P.

Data:

Sinatura do/a empregado/a

Os datos de carácter persoal que se faciliten nesta solicitude quedarán rexistrados nun ficheiro da Administración do Parlamento de Galicia, de conformidade co establecido no Regulamento UE 679/2016, xeral de protección de datos, e segundo o rexistro de actividade de tratamento denominado «xestión de procedemento de persoal» do Parlamento de Galicia.



Finalidade do tratamento: o Parlamento trata datos de carácter persoal para efectos de xestión e administración dos recursos humanos do Parlamento de Galicia. O tratamento dos datos de carácter persoal limitarase ao mínimo imprescindible para o cumprimento das súas funcións ao servizo desta administración. Os datos persoais non serán tratados de maneira incompatible cos ditos fins nin para a adopción de decisións automatizadas, incluída a elaboración de perfís.

Lexitimación: o cumprimento de obrigas legais e exercicio de poderes públicos segundo o disposto no (art. 6.1 c) do RXPd.

Destinatarios: a Administración do Parlamento de Galicia. Non está prevista a cesión destes datos a terceiros.

Exercicio de dereitos: as persoas solicitantes poderán exercer os seus dereitos, previstos nos artigos 15 ao 22 do Regulamento xeral de protección de datos, a través da páxina web: <http://www.parlamentodegalicia.gal/Portada/ProteccionDatos> na que dispoñen de información adicional.

3.5. Axudas, bolsas e premios

Acordo da Mesa do Parlamento, do 14 de abril de 2026, de concesión de bolsas para a formación práctica no Parlamento de Galicia

Mediante Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 15 de decembro de 2025 (*DOG* 252 do 31 de decembro e *BOPG* 307 do 2 de xaneiro) aprobáronse as bases da convocatoria para a concesión de diversas bolsas para a formación práctica no Parlamento de Galicia.

De acordo coa a base décima da convocatoria, o 9 de abril de 2026 constituíse a comisión de valoración, co obxecto de estudar os expedientes académicos e os méritos acreditados polas persoas aspirantes e avalialos de acordo coa repartición de puntuación en cada un dos apartados previstos nas cláusulas décimo primeira e décimo segunda das bases da convocatoria.

A comisión de valoración, á vista dos resultados da puntuación acadada polas persoas aspirantes, elaborou unha lista coa puntuación dos candidatos e candidatas ordenada de maior a menor, segundo a súa puntuación, e acordou, en cumprimento da base décimo terceira, apartado 4, da convocatoria, propor a correspondente concesión.

En consecuencia, a Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 14 de abril de 2026, adoptou o seguinte ACORDO:

1º. Concederlles as bolsas para a formación práctica no Parlamento de Galicia ás persoas que acadaron a maior puntuación en cada unha das bolsas convocadas, que son as seguintes:

Bolsa de formación en comunicación Institucional

1	***8247**	FERNÁNDEZ BLANCO	HELENA	13,8702
2	***9371**	DIEGO FERREIRA	JOSÉ MANUEL	12,6972



Bolsa de formación en publicacións

1	***8399**	SUÁREZ FERNÁNDEZ	LARA	12,5377
2	***7845**	UCHA BOUZADA	ANDREA	11,0000

Bolsa de formación en recursos humanos e contratación

1	***0383**	CADAHIA VEIRA	PABLO	12,0497
---	-----------	---------------	-------	---------

Bolsa de formación en xestión parlamentaria

1	***0383**	CADAHIA VEIRA	PABLO	12,0497
---	-----------	---------------	-------	---------

Bolsa de formación para persoas con discapacidade igual ou superior ao 33 por cento nas áreas de asistencia xeral e administrativas

1	***9035**	MIGUÉNS GARCÍA	ÓSCAR	17,0000
---	-----------	----------------	-------	---------

2º. A data de incorporación ao Parlamento de Galicia establecerase na comunicación da concesión da bolsa.

3º. No caso de non aceptación ou de renuncia dalgunha das persoas beneficiarias da bolsa, utilízase a seguinte lista de reserva para substituíla:

Bolsa de formación en comunicación institucional

1	***4468**	KANEVSKA SUROVEN	OLESYA	11,1436
2	***9067**	OTERO RIVEIRO	ZOEL	10,7197
3	***5956**	CARREIRA PENA	NICOLAS	10,4602
4	***1297**	RIAL ORO	CLARA	10,4319
5	***6332**	CARRERA RODRÍGUEZ	LUCÍA	10,0000
6	***1306**	SANTOMÉ SEIJAS	REBECA	9,0196
7	***6819**	CASTILLO FERNÁNDEZ	ANTÍA	8,9821
8	***2963**	CARNERO RODRÍGUEZ	JUAN	8,8431
9	***1116**	GARCÍA CONDE	MANUEL	8,2814
10	***9011**	GÓMEZ VÁZQUEZ	ELENA	7,9469

Bolsa de formación en publicacións

1	***8865**	KERDUDO BAXTER	ARGANTAEL ALVA	10,9447
2	***6859**	VILLAR MARTÍNEZ	NATALIA	9,5335
3	***7855**	LAGO PEREIRA	ELIA	8,2272
4	***8853**	VÁZQUEZ JAMARDO	LAURA	6,8568



Bolsa de formación en recursos humanos e contratación

1	***7090**	NOGUEIRA BOUZAS	RAMÓN	12,0000
2	***5464**	GONZÁLEZ FERNÁNDEZ	ALBERTO	11,5585
3	***7645**	GÓMEZ GARCÍA	FRANCISCO	11,1349
4	***3278**	ROMERO FERREIRÓS	MANUEL	10,4326
5	***0503**	SÁNCHEZ FERNÁNDEZ	LUCÍA	10,2070
6	***0591**	PATIÑO TATO	FRANCISCO	9,4382
7	***9316**	VILLAR COSTAS	ZAIRA	8,9696
8	***9419**	RODRÍGUEZ NOVO	NURIA	8,9192
9	***6691**	GONZALEZ ZAPLANA	DAVID	7,9804
10	***9118**	ZÚÑIGA NOGUEIRA	MARTÍN	7,2197

Bolsa de formación en xestión parlamentaria

1	***7090**	NOGUEIRA BOUZAS	RAMÓN	12,0000
2	***1113**	ANTELO ALVITE	XURXO	11,5930
3	***5464**	GONZÁLEZ FERNÁNDEZ	ALBERTO	11,5585
4	***7645**	GÓMEZ GARCÍA	FRANCISCO	11,1349
5	***3278**	ROMERO FERREIRÓS	MANUEL	10,4326
6	***0503**	SÁNCHEZ FERNÁNDEZ	LUCÍA	10,2070
7	***0591**	PATIÑO TATO	FRANCISCO	9,4382
8	***9316**	VILLAR COSTAS	ZAIRA	8,9696
9	***9419**	RODRÍGUEZ NOVO	NURIA	8,9192
10	***6691**	GONZÁLEZ ZAPLANA	DAVID	7,9804
11	***9118**	ZÚÑIGA NOGUEIRA	MARTÍN	7,2197

Bolsa de formación para persoas con discapacidade igual ou superior ao 33 por cento nas áreas de asistencia xeral e administrativas

1	***0187**	BALDONEDO MENGIBAR	ADRIÁN	15,7500
2	***5177**	GONZÁLEZ RODRÍGUEZ	EMILIANO	15,0500
3	***8309**	PARDO PENSADO	FERNANDO	14,0000
4	***0853**	DURO CASTRO	SHARAY	13,0000
5	***7401**	OTERO PIÑEIRO	ÓSCAR YESID	9,4000
6	***5469**	VALENCIA AGRA	SANTIAGO	8,6000
7	***9352**	GARCÍA FERNÁNDEZ	UXÍA	8,0000
8	***5237**	HERVES GONZÁLEZ	CAROLINA	7,1000
9	***9298**	OTERO ÁLVAREZ	IRIA	7,1000
10	***8322**	SOTO ESPERÓN	ISMAEL	6,5000
11	***5246**	FERNÁNDEZ VILABOA	ISMAEL	5,0000
12	***1168**	INFANTE SANTOS	ALEX EDWARD	4,0000
13	***8190**	PORTO PRECIADO	PEDRO	4,0000

4º. Publicar na páxina web do Parlamento de Galicia (www.parlamentodegalicia.gal) e no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* o acordo de concesión destas bolsas e a súa lista de suplentes.



5º. Comunicar este acordo á Intervención e Asuntos Económicos e ao Servizo de Persoal e Réxime Interior para que proceda a súa execución.

6º. Contra este acordo, as persoas interesadas poderán interpor un recurso de reposición ante a Mesa do Parlamento de Galicia no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou directamente un recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo o artigo 10.1º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2026.

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior

4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

Corrección de erros na publicación, no BOPG número 361 fascículo 1, do 13 de abril de 2026, das resolucións subseguintes ao debate anual de política xeral sobre a situación política da Comunidade Autónoma de Galicia do 8 de abril de 2026

Advertido un erro na publicación citada, procédese á súa corrección nos seguintes termos:

Na páxina 203202, nas resolucións 24ª e 25ª, onde di: «(Aprobada por 39 votos a favor, 26 en contra e 10 abstencións)», debe dicir: «(Aprobada por 39 votos a favor, 25 en contra e 10 abstencións)».

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2026

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG-z4yYtLc4d-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

